

A ORIXE DO COSMOS NA CORRENTE PRESOCRÁTICA

Os antigos mitos gregos

Na segunda metade do século VIII ac, a Grecia Arcaica era un mosaico de pequenas comunidades políticas, as polis. Pese a esa aparente dispersión, os gregos (hellenoi) compartían lingua, cultura, xogos olímpicos...e tiñan conciencia dunha orixe común. Esa conciencia expresábase nuns mitos e lendas xurdidas no pasado remoto. Os poetas Homero e Hesíodo ocupáronse da súa transmisión.

O mito é un relato memorable e tradicional que explica a actuación exemplar duns personaxes extraordinarios (deuses e héroes) nun tempo prestixioso e remoto. É unha narración que perdura na memoria colectiva dunha comunidade : non se inventa senón que se herda do pasado; conta feitos significativos (como se fixo o mundo, como apareceu a primeira muller, como se obtén o lume, que acontece despóis da morte...). Deuses e héroes están feitos á semellanza humana (antropomorfismo) e actúan e senten como homes, pero pertencen a un tempo pasado e excepcional: o das orixes do mundo.

Do mito ao logos: a explicación racional do cosmos

Botando unha ollada ás circunstancias que fixeron posible o nacemento da filosofía, atopamos que nas cidades marítimas de Xonia, en concreto en Mileto, xúntanse varios factores:

*Eran sociedades abertas, tiveron que se adaptar a cambios frecuentes, como consecuencia da dependencia ou tutela que sufrían do rei persa e os seus gobernadores.

*Mantiñan contactos, grazas ás súas múltiples viaxes, con pobos dotados de brillantes civilizacións (Babilonia, Exipto...) que tiñan mitos e visións das cousas diferentes aos seus.

*A súa relixión, os seus mitos, non estaban controlados por dogmas nin por sacerdotes que rexeitasen a variedade de opinións. Daquela, eran os poetas os que expresaban os mitos.

Ademáis, os gregos tiñan unha actitde de crítica constante, como se cada xeración tivese que revisar a versión herdada e ofrecer unha explicación racional alternativa, nun desexo de mellora permanente.

No século VI ac, en Grecia (nas costa de Xonia, en Asia Menor), un conxunto de pensadores, os presocráticos, cuestionan as explicacións míticas de determinados fenómenos e buscan outras máis lóxicas. Investigan se detrás da pluralidade de cambios que observamos na natureza, incluída a nosa propia vida, existe unha realidade básica, unha realidade que non cambia xamáis. (A este principio o chaman arxé, e inicialmente é identificado con algún elemento físico.)

Segundo o arxé sexa considerado único ou plural, falamos de filósofos **monistas** e pluralistas. Empezamos polos primeiros (son tamén os máis antigos).

Tales, astrónomo e matemático da colonia de Mileto, xunto aos seus discípulos **Anaximandro** e **Anaxímenes**, foron os primeiros en protagonizar o paso do mito ao logos: intentan responder ás preguntas que os inquietaban sen recurrir ás Musas, buscando na propia natureza as causas necesarias dos fenómenos e procurando encontrar unha lei a partir da cal se puidese explicar racionalmente, e non de forma arbitraria, a realidade.

Así, pensaban que baixo o mundo observacional dos sentidos, baixo o mundo cambiante das apaariencias naturais, existe unha realidade fixa e básica, un substrato, un principio, unha natureza (**arjé**).

Segundo **Tales**, o principio do que todo xorde é a **auga** (constatara que a humidade é fonte de vida). Para **Anaximandro**, trataríase de algo máis abstracto, o **ápeiron** ou indeterminado (para él a auga de Tales era unha determinación).

Para **Anaxímenes**, en cambio, a materia primeira era o **aire** (algo parecido ao alento, pneuma), dilatándose e rarefacéndose para xerar todo o que existe.

Se estudamos a estes pensadores, non é polas respostas concretas que deron, senón polas preguntas que formularon e pola forma en que buscaban respondelas. En resumo: o máis fecundo deles é o estilo do seu pensamento (o enfoque observacional e reflexivo), é dicir, a busca racional dun principio, desvinculándose das representacións míticas.

Outro berce da filosofía monista xorde na épica dos filósofos milesios no sur de Italia (a Magna Grecia). **Pitágoras** e a súa comunidade protagonizaron o nacemento dunha forma alternativa de pensamento racional, que **atendía aos aspectos formales (estrutura da realidade) e non só a elementos físicos (materiais)**.

Pitágoras naceu na illa de Samos, pero por razóns políticas emigrou ao sur de Italia, onde fundou un movemento intelectual, relixioso, moral e político: unha secta de iniciados que perseguía a purificación da alma, do corporal e do espiritual. Da súa reflexión sobre a alma concluíron que non só era inmortal senón que tamén defenderon a idea da transmigración (tomada do orfismo).

Os pensadores da escola de Mileto buscaban o principio material do que todo emerxía; Pitágoras, en cambio, busca a estrutura ou forma do cosmos, non os elementos materiais que o integran. Expertos en música, descubriron que esta se pode reducir a proporcións numéricas, a números; nun segundo paso consideraron que todos os obxectos do mundo tamén se poden reducir a figuras xeométricas, e estas, a expresións numéricas. Entón, se o obxectivo é escrutar os segredos do **cosmos, hai que estudar as proporcións numéricas, porque** a estrutura do cosmos é matemática.

Heráclito e Parménides fundaron dúas visións do mundo antagónicas. Por un lado, a observación e reflexión sobre o cosmos que realiza **Heráclito**, próximo aos pensadores de Mileto, condúcenno a afirmar que todo está en **constante proceso de cambio**, que a inestabilidade é a lei da vida (dynamismo). Por outro lado, a especulación de **Parménides**, próximo ao mundo pitagórico e que, por tanto, cuestionaba os datos sensoriais, afirma, ao contrario, que os cambios visibles son unha apariencia que esconde unha **permanencia** máis profunda.

Heráclito de Éfeso, chamado o escuro polo seu estilo enigmático, tiña como tese fundamental o perpetuo fluir de todas as cousas: todo pasa, todo corre; os humanos realizámonos nun proceso que consiste en ser bebé, neno, adolescente, mozo, adulto, vello; igual no mundo vexetal (semente, talo, flor, froito...) e todo o mundo físico (día e noite, estacións...). Afirmo o dynamismo universal. O lume é a metáfora que expresa o seu pensamento; todas as cousas son lapas dun gran **lume**. As lapas, sempre en movemento, son procesos, pero o lume, o arjé, perdura. Da mesma forma, baixo os elementos contrarios en **loita** constante, ocúltase unha lei, unha orden un **logos**, que é xustiza (se non hai loita de **opostos** (home, muller; rico, pobre; mozo, vello) entón habería inxustiza, porque un elemento se impuxo sobre o outro. Así, o xusto é ese enfrontamento, polémica, guerra.

Parménides de Elea, na Magna Grecia, desenvolveu un pensamento considerado en polémica co de Heráclito. Escribiu unha obra filosófica en forma de poema, titulada *Sobre a natureza*, na que

proclama a **inmutabilidade** radical da realidade. É dicir, segundo Parménides, os cambios que afirmaba Heráclito son soamente apariencias sensoriais, a razón lévanos a negalos. Xa os pitagóricos menosprezaran os datos sensoriais; afirmaban que para descubrir teoremas matemáticos non se necesitaba observar o mundo, só se ten que razoar lóxicamente. Parménides asume que se os **sentidos** nos din unha cousa e a **razón** outra, debemos guiarnos máis pola razón (os sentido moitas veces engáñanos, en cambio o razoamento lóxico nunca engana: o que é lóxico é real). No poema, afirmaba que a deusa lle revelou unha verdade “**o ser é e o non ser non é**”; é dicir, o ser existe e a nada non existe. Parménides, con estas enigmáticas palabras, está a negar o cambio. O cambio sería o paso de ser unha determinada cousa a non-ser esa cousa, pero a deusa revalou que isto non é posible: soste que as cousas cambian é absurdo, é quedarse en meras apariencias.

Os filósofos **pluralistas** tratan de conciliar as posturas de Heráclito e Parménides: aceptan do primeiro que **a physis é un proceso de cambios constantes**, e do segundo que **o que é non pode vir do que non é**. Por iso para eles:

*O que existe **non** xurdiu dun **único principio**, senón de diferentes elementos primixenios (de ahí o nome de pluralistas).

*Os **cambios** que observamos son **combinacións** dos elementos primixenios, non a transformación destes.

Empédocles de Agrigento (ou Acragas), amigo de Parménides, recolle as consideracións de Tales, Anaxímenes e Heráclito e establece a teoría dos **catro principios** (auga, aire, lume e terra): esa sería a realidade que nunca cambia. As cousas da natureza son combinacións en proporción matemática destes elementos. Eses procesos están rexidos por dúas forzas: o **Amor** (atrae, une) e o **Odio** ou Discordia (divide, separa).

Anaxágoras de Clazomene, era xonio pero emigrou a Atenas. Sostiña que non hai catro elementos, senón **tantos como tipos de cousas (homeomerías)**: en cada cousa hai semente (spérmata) de todas as cousas que ela pode chegar a ser. O feito de que predomine un elemento ou outro depende dunha forza á que chama **nous** (unha mente ou intelecto cósmico).

Os atomistas **Leucipo** de Mileto e **Demócrito** de Abdera, consideran que a realidade básica está constituída por unha **infinidade de obxectos pequenos**, duros, invisibles, eternos e inalterables: os **átomos**, que se moven libremente no **baleiro** por acción do azar. Todos, mesmo nós mesmos, seríamos un conglomerado de átomos, e os cambios que observamos non son sino reconfiguracións deses conglomerados.